UNIVERSIDADE DO ESTADO DO RIO DE JANEIRO

Reitor
Ricardo Vieiralves de Castro
Vice-Reitora
Maria Christina Paixão Maioli
Diretora do Instituto de Letras
Henriqueta do Coutto Prado Valladares
Vice-Diretora do Instituto de Letras
Maria Alice Gonçalves Antunes

Editora da UNIVERSIDADE DO ESTADO DO RIO DE JANEIRO

Editor executivo *Italo Moriconi*
Assessoria geral *Carmen da Matta*
Coordenador de publicações *Renato Casimiro*
Apoio administrativo *Maria Fátima de Mattos*

ESTUDOS GALEGO-BRASILEIROS 3

LÍNGUA, LITERATURA, IDENTIDADE

Organizadoras

Laura Tato Fontaiña
Maria do Amparo Tavares Maleval

Rio de Janeiro, fevereiro de 2009

de Letras
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Copyright © dos autores

Direitos desta edição reservados aos autores.
Impresso no Brasil / Printed in Brazil
Todos os direitos reservados. A reprodução não autorizada desta publicação, no todo ou em parte, constitui violação do copyright (Lei nº 9.610/98).

Os conceitos emitidos neste livro são de inteira responsabilidade dos autores.

De Letras

Conselho Editorial
Claudio Cezar Henriques
Dulcileide do Nascimento Gomes
Francisco Venceslau dos Santos
Maria Conceição Monteiro
Ricardo Joseh Lima
Vera Lúcia de Albuquerque Sant'Anna

Revisão
Baltasar Pena Abal
Carmem Lúcia N. de Figueiredo
Cláudia Amorim

Projeto gráfico e editoração
Casa Doze, Projetos e Edições

E82 Estudos galego-brasileiros, 3 : língua, literatura, identidade / organizadoras Laura Tato Fontaiña, Maria do Amparo Tavares Maleval. – Rio de Janeiro : De Letras/EdUERJ, 2009.
p. 332 ; 21cm.

ISBN 978-85-60559-08-4

1. Literatura brasileira – História e crítica. 2. Literatura galega – História e crítica. 3. Língua portuguesa. 4. Língua galega.
I. Fontaiña, Laura Tato. II. Maleval, Maria do Amparo Tavares.

CDD B869.09

Catalogação na fonte elaborada pelas bibliotecárias Cristina Bandeira CRB 7/3806 e Stela Pacheco CRB 7/4087

O presente trabalho foi realizado com o apoio da CAPES, entidade do Governo Brasileiro voltada para a formação de recursos humanos.

SUMÁRIO

APRESENTAÇÃO

ESTUDOS GALEGO-BRASILEIROS NA UDC 11
Laura Tato Fontaiña

ESTUDOS GALEGO-BRASILEIROS NA UERJ 15
Maria do Amparo Tavares Maleval

ESTUDOS

OS HIMNOS NACIONAIS (ENTRE A GALIZA E O BRASIL). SOBRE A DERIVA TEXTUAL DO HIMNO GALEGO 21
Manuel Ferreiro

AO RAIAR DA LITERATURA BRASILEIRA: SUA INSTITUCIONALIZAÇÃO NO SÉCULO XIX 49
Roberto Acízelo de Souza

A MANUSCRITA CALIGRÁFICA DE UXÍO NOVONEYRA 61
Carlos Paulo Martínez Pereiro

FICCIÓN HITÓRICA E CONSTRUCIÓN NACIONAL 103
Francisco Salinas Portugal

A IDENTIDADE E AS MARGENS: ESBOÇO PARA UMA NOVA CARTOGRAFIA 127
Claudia Maria Amorim

NARRATIVA E CONSTRUCIÓN DA IDENTIDADE: *OS CAMIÑOS DA VIDA* DE RAMÓN OTERO PEDRAYO 137
Carme Fernández Pérez-Sanjulián

IDENTIDADE NACIONAL E TRADICIÓN MEDIEVAL. ARREDOR DO/S NEOTROBADORISMO/S. PRIMEIRAS LECTURAS DOS CANCIONEIROS: A PERSPECTIVA NACIONAL 153
Teresa López

NEOTROVADORISMO, NO MODERNISMO BRASILEIRO? 173
Maria do Amparo Tavares Maleval

DE ROSALÍA DE CASTRO A CASTELAO: O ROSTO VERDADEIRO DA GALIZA 193
María Pilar García Negro

BRASIL E GALÍCIA: UM CERTO OLHAR PARA A PAISAGEM 203
Carmem Lúcia Negreiros de Figueiredo
CONSIDERACIÓNS SOBRE AS ORIXES GALEGAS DA LINGUA DO BRASIL 217
Xosé Ramón Freixeiro Mato
GRAMÁTICA NO BRASIL: IMAGENS DE UM PERCURSO 245
José Carlos de Azeredo
A EMERXENCIA DA LINGÜÍSTICA GALEGA NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX: A *GRAMÁTICA* DE RICARDO CARVALHO CALERO 265
Xosé Manuel Sánchez Rei
JOGOS TEATRAIS DE HUMOR E CRUELDADE EM COMÉDIAS BRASILEIRAS E GALEGAS MODERNAS 285
Iremar Maciel de Brito
A RENOVACIÓN DRAMÁTICA NA GALIZA E NO BRASIL: A MULLER COMO PROBLEMA 301
Laura Tato Fontaíña

SOBRE OS AUTORES 325

APRESENTAÇÃO

In: JOBIM, José Luís (org.) *Literatura e identidades*. Rio de Janeiro: UERJ, 1999, p. 125-144.

[2] *Dicionário Houaiss da Língua Portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva, 2001.

[3] Refiro-me ao artigo 'Identidades e nomadismos', publicado por Zilá Bernd, publicado na coletânea organizada por José Luís Jobim, *Literatura e identidades*.

[4] SANTOS, Boaventura de Sousa. *Pela mão de Alice*. O social e o político na pós-modernidade. 7ed. São Paulo: Cortez, 2000. Para este autor, a forma cultural da fronteira caracteriza, em parte, as culturas do Brasil e da África portuguesa e, assim, estas zonas se alimentam dos fluxos constantes que as atravessam. Diz o autor: "A leveza da zona fronteiriça torna-a muito sensível aos ventos. É uma porta de vai-vem, e como tal nunca está escancarada, nem nunca está fechada." (SANTOS, 2000, p. 154-155).

[5] Carme Fernández Pérez Sanjulián, no Seminário Brasil-Galícia (junho/2008), realizado na Universidade do Estado do Rio de Janeiro, apresentou uma conferência intitulada "_Narrativa e construção da identidade: *Os camiños da vida* de Ramón Otero Pedrayo_" na qual dispõe sobre a importância da obra de Otero Pedrayo em relação ao tema da identidade nacional e comenta a narrativa *Os camiños da vida* desse autor como exemplário dessa temática.

[6] Como afirma Salinas Portugal, "nas literaturas africanas (não só as de língua portuguesa) encontramos um uso extraordinário dos recursos da oralidade como técnica singularizante dessas literaturas. A explicação desse uso deve partir de uma breve referência às culturas que se reclamam da oralidade, facto que explica, não só em termos textuais como também em termos sócio-ideológicos, essa recorrente referência à tradição oral." In: SALINAS PORTUGAL, Francisco. *Entre Próspero e Caliban. Literaturas africanas de língua portuguesa*. Santiago de Compostela: Laióvento, 1999, p.35.

[7] Tema para uma pesquisa posterior e mais profunda.

NARRATIVA E CONSTRUCIÓN DA IDENTIDADE: *OS CAMIÑOS DA VIDA* DE RAMÓN OTERO PEDRAYO

Carme Fernández Pérez-Sanjulián
Universidade da Coruña

1. A necesaria contextualización: o autor e a súa época

Na literatura galega utilízase a denominación de *Grupo Nós*, mais tamén a de "Época Nós" ou "Grupo Nós", entre outras, para abranguer un grupo de autores que, desde 1920 até a sublevación militar de 1936 (aquela que deu orixe á Guerra Civil española e á posterior ditadura franquista), construíron un dos proxectos culturais colectivos máis singulares non só da Galiza de preguerra, senón de toda a historia do pensamento galego.

Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976), Antonio Lousada Diéguez (Moldes-Boborás, 1884 - Pontevedra, 1929) ou Florentino L. Cuevillas (Ourense, 1896 - 1958) son algúns dos nomes máis relevantes que se adoitan incluír baixo esta etiqueta; tamén debemos citar a Afonso Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950), aínda que posúa características parcialmente diferentes a respecto dos anteriores. Activos dinamizadores culturais e creadores literarios, ao tempo que protagonistas da acción política (participan na creación do Partido Galeguista, son deputados nas Cortes republicanas e publican textos de carácter teórico sobre o nacionalismo), desempeñaron un papel central na vida cultural e política galega entre 1920 e 1936. Para alén diso, a característica que nos permite singularizar este colectivo e explicar a decisiva influencia que tiveron sobre o mundo cultural galego foi a súa aposta decidida pola elaboración dun discurso artístico esencialmente culto, refinado e moderno, en diálogo directo coas correntes estéticas anovadoras que naquel momento circulaban pola Europa.

Esa mestura de nacionalismo e universalismo, de respecto pola tradición e apertura á renovación, de esteticismo e compromiso ideolóxico, vai dar como resultado unha amplísima produción nos máis variados campos (narrativa, relato breve, teatro, ensaio, ciencia, deseño...), caracterizada, sobre todo, polo rigor formal e a orixinalidade. Amplíase o repertorio temático, introdúcense novos xéneros ou trátanse certos aspectos presentes na tradición literaria galega (temas populares, utilización da natureza e a paisaxe...) cunha linguaxe nova, claramente influída polas correntes estéticas (simbolismo, expresionismo...) de moda na Europa daquel tempo. Con todo, a contribución máis relevante deste grupo de escritores ten a ver co esforzo, consciente e sostido, que dedicaron ao cultivo da prosa nun contexto literario en que, até ao momento, só destacara a poesía. Eles foron os modernizadores da prosa galega (TATO, 2005, p. 26), tanto no campo da ficción como no do ensaio, e son as obras pertencentes a estes xéneros as que mellor reflicten as claves ideolóxicas que os moveron[1].

A súa produción supón, pois, unha renovación radical do panorama literario galego de principios do século XX, o que lles vai proporcionar un prestixio indiscutíbel a ollos dos seus contemporáneos (CARVALHO CALERO, 1990, p. 231). Este enorme recoñecemento e, alén diso, o carisma que, sen dúbida, tiñan algúns deles son os que explican a atracción que os seus proxectos culturais exerceron, tanto sobre os escritores de máis idade como sobre os mozos, de modo que moitas das iniciativas propiciadas polos membros do Grupo *Nós* acabaron por incorporar a práctica totalidade do universo literario galego de preguerra.

Un dos autores centrais desta etapa da literatura galega é Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), prolífico autor (narrador, ensaísta, dramaturgo...), orador e político, el é un paradigmático representante daquela elite intelectual que dedicou os seus esforzos creativos a codificar literariamente un discurso ideolóxico dirixido á creación de consciencia identitaria; un discurso, por súa vez, caracterizado por estar orientado á ideación e/ou consolidación dos referentes culturais e simbólicos que se consideraban imprescindíbeis para asentar a idea de nación.

Foi este un proceso de tipo transnacional, que se desenvolveu de xeito bastante similar en todos aqueles contextos en que se estaban a producir situacións de afirmación da identidade. Xa falemos da situación

da América do XIX, xa da Galiza, Catalunya ou Irlanda de XIX, xa da África poscolonial, pódese afirmar con Anne Mª Thiesse que as publicacións de literatura nacional se inscriben nun proxecto educativo dirixido a unir todos os compoñentes sociais da nación na consciencia da súa comunidade de destino (THIESSE, 2001, p. 63). Un proxecto educativo que, explicitado a grandes trazos nos discursos e textos políticos, vai ser repetidamente exposto por medio de todo tipo de soportes e xéneros: libros, revistas, xornais, viñetas, actividades asociativas..., todos eles van ser espazos en que as elites nacionalistas desenvolvan un discurso didáctico dirixido aos e ás connacionais, un discurso orientado a espertar a súa vontade de ser unha nación.

Porén, non foi só através da literatura de reflexión e opinión crítica, así como dos ensaios ou da prosa xornalística de carácter máis claramente doutrinaria onde se pode rastrear este tipo de exposición; os autores participantes nestes procesos (e, entre eles, Otero Pedrayo e os seus contemporáneos de *Nós*) converten a narrativa nun vehículo privilexiado mediante o cal poden presentar, de xeito máis accesíbel para un público amplo, certos aspectos basilares do proxecto de construción nacional.

Através dos textos literarios os escritores aspiran á conceptualización do referente identitario e, ao tempo, á configuración dun "nós" imaxinario (ANDERSON, 1996, p. 6- 7), dun conxunto de connacionais vinculados entre si. Dito doutro modo, con estas obras preténdese a definición (e implícita afirmación) da comunidade a quen se dirixe o discurso. En concreto, o discurso narrativo xira unha e outra vez en volta de determinados núcleos temáticos, tales como a representación e valor simbólico da terra e a paisaxe, a ficcionalización da Historia[2], o deseño dunha determinada tipoloxía de heroes-protagonistas ou a presentación recorrente de certos temas (como, por exemplo, o celtismo e o atlantismo ou as relacións sentimentais e familiares como alegorías da idea de construción nacional (SOMMER, 1991). Neste contexto, estes temas, que denominaremos ideoloxemas nacionalitarios[3], van estar dotados dunha sobredeterminación ideolóxica ligada ao proxecto nacionalista que sustenta a obra dos seus autores.

É neste marco teórico onde hai que situar o punto de partida do noso estudo. Nel propómonos realizar unha aproximación á análise da función que, dentro do discurso narrativo de Otero Pedrayo, desempeñan certas personaxes, en concreto, aquelas que aparecen ligadas ao dis-

curso de construción e afirmación da identidade.

2. Referentes de identificación e construción de identidade n'*Os camiños da vida*

Como punto de partida estudaremos as figuras de varias personaxes que aparecen representadas nunha das súas obras centrais: *Os camiños da vida,* un romance histórico publicado en 1928 que sitúa o tempo do relato entre 1836 e 1868. Analizaremos como, através das figuras de catro personaxes (o galego Adrián Soutelo, o polaco Potocky e os irmáns irlandeses O'Bryan) exiliados en París por volta de 1830-1840, a voz narradora expón un discurso ideolóxico de carácter claramente identitario.

En concreto, Adrián Soutelo, unha das figuras centrais deste romance, é un fidalgo novo que aparece dotado coas características habituais dos heroes protagonistas da narrativa de Otero Pedrayo. Como a maior parte dos heroes masculinos deseñados polo autor (FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, 2003, p. 210-225), é un mozo individualista, reflexivo e soñador, que vive un lento e doloroso proceso de procura da súa identidade. Así, Adrián Soutelo forma parte daquela galería oteriana de individuos sensíbeis e dubitativos que, sabedores de se sentiren diferentes, viven a súa existencia de modo problemático e precisan dun tempo vital de procura para acharen o seu lugar no mundo, a súa identidade (persoal ou colectiva) ou os seus intereses reais.

Aliás, todos eles aparecen representados como seres moi conscientes da importancia que para as súas vidas ten a formación, unha rigorosa preparación intelectual combinada co cultivo da sensibilidade e a reflexión. Por isto, nos romances deste autor (nomeadamente, n'*Os camiños da vida*) ten unha enorme relevancia funcional o relato demorado do proceso formativo, tanto académico como vital, dos seus protagonistas.

Nas obras oterianas ese camiño de autocoñecemento culmina coa asunción dun compromiso con Galiza, de tinte protonacionalista ou xa directamente nacionalista, por parte dos seus protagonistas, converténdose esa paulatina toma de consciencia nun claro recurso didáctico que Otero Pedrayo usa para fixar nos seus lectores os elementos clave da ideoloxía que o propio autor propugnaba no momento da redacción do texto.

Neste punto é importante ter en conta que as viaxes, especialmente aquelas que poderiamos denominar iniciático-educativas, cumpren un papel fundamental dentro desa traxectoria formativa que o autor se comprace en describir polo miúdo. Os encontros e o contacto con novas realidades son esenciais para a conformación da personalidade e ideoloxía dos seus protagonistas; metonimicamente, ten a ver coa importancia que o autor concede á expansión dese mesmo proceso educativo ao conxunto da sociedade ou, polo menos, ao sector que pode ter acceso a ela.

No caso que nos ocupa, vai ser, en primeiro lugar, a viaxe a París e o contacto cos exiliados e, despois, a viaxe por Irlanda, o que estimule a sensibilidade do galego e contribúa de modo esencial á configuración da súa ideoloxía. Nomeadamente, as figuras dos irmáns irlandeses O'Bryan e do polaco Potocky, dotadas dunha especial relevancia pola súa condición de loitadores pola liberdade das nacións respectivas, son presentadas como referentes de identificación[4] que, finalmente, van funcionar como desencadeantes do compromiso político do galego Soutelo. Será el mesmo (transformado en narrador autodiexético) quen, moitos anos despois, xa convertido nunha sorte de figura paternal, faga o relato desta experiencia ao seu sobriño Paio Soutelo; esta narración, para alén do seu aparente carácter de evocación saudosa dunha etapa vital plena de entusiasmo, aspira a transmitir ao sobriño o mesmo sentimento inicial de orgullo nacional que o vello Soutelo aprendeu dos seus amigos europeos. Estamos, pois, ante un discurso formativo que se insire dentro do programa de educación integral que a familia deseña para o mozo fidalgo.

Voltemos, pois, á historia de Adrián Soutelo e vexamos como el mesmo evoca o encontro e a profunda pegada que este deixou na súa visión do mundo:

> Tardei en atopar en París o centro e a compaña doadas para o meu xenio. Un serán fun a Versalles. (...) Andei rondando un grupo de persoas que me interesaban. Axiña souben os seus nomes: Potocky, O'Bryan, con outros dous ou tres emigrados, alancaban polas alamedas, mal fateados, con indumentos contradictorios, como levados polo vento dos mortos igual que as follas murchas. ¡Mais nos seus ollos brillaba uña luz serena, contida, fatal, dando ás veces un brillar súpeto de pistolazo! A conversa estralaba en anacos labarecentes para caer logo en espaciados silenzos dominados polo aleteo da grande

idea fixa: a patria escravizada. Eran náufragos salvados da catástrofe das súas terras; e xuntaban as súas paixóns nun arelar polo de entón practicamente quimérico. Polonia, Irlanda, Hungría, antergas terras gardadoras dos ósos das razas ceibes, ficaban envolveitas nas triples redes da burocracia, do militarismo, da xustiza e do ensino estranxeiros. O vasto peito de Potocky estralaba en salaios ó pensar na lingua da súa nai varrida das escolas, arrincada das imprentas, botada como uña xerga maldizoada da cátedra sagrada. O'Bryan, os ollos griseiros perdidos nuña liña de mar e ceo, pensaba ouvir o bater das augas atlánticas nos rochedos da costa das sagas. Os cisnes brancos da Irlanda morrían un a un nos lagos mornos; ano tras ano chegaría tempo en que os rapaces encherían a escola e o templo cantaruxando nuña lingua estraña e bronca. Quizais ata dubidasen da fe nacional diante do martelar das pasaxes bíblicas polo pastor protestante. Ós emigrados non se preguntaban os nomes nin as patrias, Nos meus ollos coñeceron que eu tamén era un emigrado, e eu, falando con eles, sentín xurdir ceibe aquela visión da Galiza que ata entón soamente se me tiña presentado como uña néboa de rapaz.

(...) Potocky lembraba a vella amizade de Francia por Polonia, era un home branco e forte, un pouco cangado de ombreiros, curto como un neno coa xente, gran cazador, segundo dicía, nos melancólicos bosques de abetos, ¡Neles atopou, loitando cos rusos, uña morte heroica! De caste antiga e fidalga, sufría coa miseria da emigración; os luíses decorrían como a auga dende a os seus dedos á faltriqueira do pobre ou da cortesá, na mesa do xogo. Levaba pipas adornadas e peles brillantes e ricas (...).

Outra noite O'Bryan salvou da morte a Potocky. Atopouno nuña ponte; o xigane polonés alancaba con pasos disformes, caendo para os lados; as peles que o cubrían, espelexadas e porcas, facían máis duro o seu estado. Borracho de augardente, falaba:

-¿Para que vivir? Quíxenme consolar. A Polonia está morta, as derradeiras bandas cruzaron a fronteira. Só a pistola ou o Sena me ceibarán deste martirio".

O firme resplandor dos ollos do celta curouno e deulle esperanza. Foi pouco denantes de facer eu coñecemento con eles. Nos pobres restaurantes conteilles eu a miña visión de Galiza" (OTERO, 1985, p. 228-230).

Como se pode apreciar, a personaxe de Potocky está debuxada a partir do estereotipo de heroe romántico, máis concretamente, a partir das imaxes convencionais que a literatura fixou como modelos de homes liberais do século XIX. Ao mesmo tempo, reproduce un certo estereotipo do eslavo que a literatura e outras artes (óperas, artes plásticas...) contribuíran a consolidar no imaxinario culto da Europa occidental; precisamente é por esta razón pola que o autor utiliza o patronímico Potocky (aquí sen relación directa coa figura do escritor Jan Potocky) simplemente polo seu poder evocador (remite a unha conexión inmediata coa historia e a cultura da Polonia) e porque reforza, diante dos seus lectores, a verosimilitude da personaxe.

Neste sentido, a figura do polaco recolle algúns dos tópicos que se foran creando na literatura peninsular a respecto do mundo eslavo; en concreto, aparece descrito como un home branco, forte, grande cazador nos melancólicos bosques de abetos que, en París, vai vestido con peles "brillantes e ricas" e fuma en adornados cachimbos. El, como bo romántico é apaixonado e ousado mais, ao tempo, tamén tímido e sensíbel; home hedonista e amante da bebida, goza do seu tempo de exilio entre visitas ás salas de xogo ou ás das cortesás mentres dilapida xenerosamente a súa fortuna. Porén, nunca esquece que toda a súa vida está orientada a salvar a súa "patria escravizada", unha misión que o vai levar até, mesmo, entregar a vida (morre loitando contra os rusos), un tráxico final de que somos informados grazas a unha oportuna prolepse.

Avanzando coa nosa análise, debemos falar agora dos irlandeses **O'Bryan**, personaxes que posúen moita maior relevancia, tanto diexética como ideolóxica, na liña da construción da identidade.

O mozo galego Adrián Soutelo descobre un novo mundo através destes dous irmáns: a poesía do Norte, as lendas de Ossián, as vidas dos druídas e os santos, a Idade Media... Por así o dicir, realiza unha primeira aproximación ao mundo céltico do punto de vista cultural. Xa engaiolado, acepta a proposta de acompañalos ao seu país e, deste modo, tanto Edith O'Bryan como Irlanda van revelarse como dúas experiencias inesquecíbeis e definitivas para o fidalgo galego[5].

O relato permite ao narrador describir a situación de extrema pobreza en que se acha a illa (a fame, as mortes e os embargos) e o compromiso coa loita pola Independencia ("a loita sagrada") do pobo irlandés, representado en Edith O'Bryan, rapaza decidida a sacrificar, mesmo, a súa felicidade persoal en función das necesidades patrióticas (en concreto, decide renunciar para sempre ao amor do mozo galego).

Durante a viaxe, Adrián visita un lugar de especial relevancia simbólica pois, segundo a tradición, representa a unión de Irlanda: o coto de Uisneach.

> Este é un dos fogares da tradición irlandesa. Segundo as nosas crónicas gaélicas, os Firbolgs tomaron terra na illa no ano 3266; o seu xefe, Dala, demarcouna entre os seus cinco fillos. As herdanzas de todos testan neste montiño que figura non ter valor. (...) ¡Deus sexa louvado! Chegará un día no que tódolos irlandeses nos xuntemos ceibes no coto de Ushna! (OTERO, 1985, p. 271).

Resulta evidente que a singularidade deste outeiro vén dada por aglutinar en si varios dos elementos simbólicos da nación: a epopea dos pais fundadores, o establecemento da historia propia (as crónicas) así como a determinación física dun espazo simbólico que sirva para visualizar didacticamente a idea da cohesión nacional.

Este momento representa o cume da aprendizaxe patriótica do galego Adrián Soutelo. Estamos no final da súa viaxe e o protagonista, unha vez percorrido o país e tendo observado de perto as durísimas condicións económicas e políticas en que vive a poboación irlandesa, comprende a urxencia da loita pola independencia e, aínda, interioriza as claves do discurso identitario. Isto último, tal e como el vai declarar anos despois ao seu sobriño (OTERO, 1985, p. 331-333), vai ser definitivo na configuración da súa *Weltanschauung* galeguista.

Ao longo da historia son moitos os momentos en que se establece unha analoxía[6], implícita ou explícita, entre a "nación irmá" e a Galiza mais, con todo, esta é especialmente subliñada no final cando na despedida en Dublín os irlandeses ofrezan: "Un mollo de corazóns e de fusís para cando cumpriran en Galiza" (OTERO, 1985, p. 271).

Despois do xa exposto, resulta evidente que este episodio presenta unha clara funcionalidade ideolóxica identitaria pois, como ficou explicado, através da identificación con Irlanda o narrador consolida unha serie de elementos referenciais necesarios para o proceso de construción nacional galega. Simultaneamente, a incorporación doutros referentes nacionais, nomeadamente da Polonia, serve para introducir outro elemento ideolóxico de enorme relevancia que até aquí ficou apenas insinuado: a Galiza ten os mesmos problemas (falta de poder político, situación periférica, desinterese ou inexistencia de clases dirixentes...) que outras nacións europeas en situación semellante. Isto leva Otero Pedrayo a unha consideración totalmente novidosa dentro do discurso galeguista até ese momento expresado: a importancia da solidariedade con outras patrias europeas non necesariamente atlánticas. Deste modo, a idea de atlantismo (na tradición cultural ga-

lega ligada só ao celtismo) interrelaciónase coa de europeísmo, un concepto fundamental tanto para o autor como para os seus compañeiros de traballo político e cultural[7].

Se lembrarmos o inicio do relato, fora a partir do contacto con outros emigrantes como Adrián tomara consciencia do seu propio país e da súa identidade como galego:

> Nos meus ollos coñeceron que eu tamén era un emigrado, e eu, falando con eles, sentín xurdir ceibe aquela visión da Galiza que ata entón soamente se me tiña presentado como uña néboa de rapaz (OTERO, 1985, p. 228-229).

Como aqueles exiliados que "xuntaban as súas paixóns nun arelar polo de entón practicamente quimérico" (OTERO, 1985, p. 228) comeza a forxar os seus ideais, nun proceso semellante ao que naquel momento histórico estaba a se desenvolver dentro da Galiza (a formación do primeiro grupo de provincialistas que han ser, máis tarde, os protagonistas do Pronunciamento de 1846[8]).

Así, ao colocar en paralelo a situación das nacións europeas sen Estado e o desenvolvemento da consciencia galega no XIX, Otero establece unha clara correlación entre o nacemento das primeiras ideas provincialistas e o que, ao tempo, se producía na Europa: a aparición do nacionalismo en territorios que logo conseguirían se independizar dos Estados que os sometían.

> (...) Agora mesmo, nesta Europa que se gaba de ser tan culta hai moitas razas que sofren baixo a tiranía estranxeira. Pensaríase que están mortas se non falara a súa alma nos versos dalgúns poetas (OTERO, 1985, p. 228-230).

Deste modo, por unha parte, presenta a Galiza nun diálogo en pé de igualdade con outras nacións en situacións equivalentes e, por outra, introduce o seu modelo de europeísmo, concibido desde unha óptica aberta e integradora, na liña da máxima do *Partido Galeguista*, tamén utilizada polo grupo *Nós*: "Galiza, célula de universalidade"[9].

Ao igual que en moitas outras das súas obras, o autor, lonxe da idea de ensimismamento no propio, de reducionismo localista, expón a súa concepción europeísta, intimamente ligada á súa visión da nación galega. En concreto, ese é un dos temas esenciais do seu romance máis

coñecido: *Arredor de si*, publicado en 1930. Nesta obra cóntasenos a viaxe interior e exterior (por España e por Europa) doutro Adrián, neste caso Adrián Solovio, outro daqueles heroes paradigmáticos que, despois de realizaren un longo camiño de procura, chegan á re-descoberta da súa terra e asumen un compromiso político con ela[10]. No capítulo final deste romance, á volta dese percurso, asistimos ás reflexións que a cidade de Santiago suscita no protagonista:

> (...) [Santiago de Compostela] non lle daba a Adrián a sensación dun poder cosmopolita. Polo contrario, afirmaba a vitalidade dunha pequena patria, lucente de espírito, necesaria na Economía do mundo. Só nas beiras atlánticas poden vivir os pequenos pobos, ceibes, quizais precisamente por estar no centro das correntes do mundo (OTERO, 1990, p. 172-173).

Finalmente, nas últimas páxinas do romance, a voz narradora expón de maneira, se callar, aínda máis explícita, o soño europeísta de Adrián, a súa visión do que debería ser a Europa nun futuro inmediato:

> (...) A novidade de Europa, a que ela agarda, a que xustificará para sempre no mundo (...) non é (...) senón o descubrimento e maioría de idade de todos os pobos que a compoñen, o xurdimento de todas as almas colectivas, nacionais. (...) Adrián (...) imaxinaba o futuro mapa da Europa. As fronteiras non eran liñas de aduanas senón vitais zonas de transición entre as harmoniosas conciencias dos pobos (OTERO, 1990, p. 191-192).

Como se pode ver, o que Otero Pedrayo está a describir á altura do primeiro terzo do século XX, aínda que sexa feito desde unha focaxe esencialmente literaria, non é máis que o concepto do que, posteriormente, se deu en chamar a "Europa dos pobos" fronte á dos estados, apuntando xa a idea da necesaria solidariedade entre eles.

Esta proposta oteriana é un bo exemplo do discurso, matizado e persoal, que as elites culturais galegas coetáneas sostiñan a respecto das relacións Galiza - Europa. Por unha banda, o discurso europeísta dos galeguistas (e, xa que logo o de Otero) estrutúrase a partir da implícita vontade de superación do afastamento cultural que existía na altura a respecto dos centros culturais do continente e a conseguinte afirmación da necesidade de aproximación a Europa, nunha liña de pensamento non moi distante da defendida pola intelectualidade

española do momento: Ortega, Maeztu (VILLARES, 2007, p. 172). Porén, no modelo europeo oteriano e galeguista Europa é considerada un referente de identificación, unha entidade política plural que, ao integrar dentro de si realidades políticas e culturais diversas, pode permitir a superación do estreito marco dos centros do poder político tradicional, nomeadamente, dos estados nacionais (referentes de negación).

Esta idea de Europa é a que, finalmente, vai ser utilizada para consolidar o discurso de afirmación da identidade propia polos autores galegos de preguerra. Entre eles, foi Ramón Otero Pedrayo quen se ocupou de converter en materia ficcional esta parte do discurso ideolóxico galeguista.

3. Conclusión

Tal e como se foi vendo ao longo do noso traballo, podemos concluír que a través de certas personaxes da súa narrativa, en concreto dalgunhas das que aparecen no romance *Os camiños da vida*, Otero Pedrayo constrúe un discurso de afirmación da identidade ao presentar a Galiza nun diálogo en pé de igualdade con outras nacións europeas.

Esta proposta é un bo exemplo do discurso ideolóxico das elites intelectuais da altura; un discurso caracterizado, como xa se dixo, por estar orientado á ideación e/ou consolidación dos referentes culturais e simbólicos que se consideraban imprescindíbeis para asentar a idea de nación. En concreto, canto ao tema das relacións Galiza-Europa este grupo, seguindo a consigna "Galiza, célula de universalidade", manifesta reiteradamente a súa clara vontade de vencer a separación cultural da Galiza (tamén do Estado español) a respecto da Europa.

Otero Pedrayo utiliza aquelas figuras literarias analizadas para presentar unha idea de europeísmo que funciona, por súa vez, como referente de identificación, mellor dito, de autoafirmación, pois a afirmación europea da Galiza supón unha vontade de negación da España (convertida así en referente de negación).

Ao mesmo tempo, o discurso europeísta serve para apoiar o discurso de afirmación da identidade propia, historicamente negada por causa da situación de dependencia política e/ou marxinación en relación cos centros de poder tradicional.

Por último, estas imaxes son utilizadas para insistir na necesidade de difundir a idea dun europeísmo diferente, concibido, non desde a

perspectiva dos Estados nacionais, tradicionalmente vistos como centrais na configuración de Europa, senón desde a óptica das nacións. Este outro europeísmo debe pór o acento nas similitudes entre as nacións europeas periféricas e/ou sen Estado.

REFERENCIAS

Fontes Primarias

OTERO PEDRAYO, Ramón. *Arredor de si*. Vigo: Galaxia, [1930] 1985.

_____. *Os camiños da vida*. Vigo: Galaxia, [1928] 1990.

Fontes Secundarias

ANDERSON, Benedict. *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalisn*. London–New York: Verso, 1996.

BERAMENDI, Justo. *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*. Vigo: Xerais, 2007.

CARVALHO CALERO, Ricardo. *Do galego e da Galiza*. Santiago: Sotelo Blanco, 1990.

FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme. *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo*. Vigo: A Nosa Terra, 2003.

FREIXANES, Víctor F.. Ramón Otero Pedrayo, memoria de todas as cousas. *Unha ducia de galegos*. Vigo: Galaxia, 1982, p. 15-38.

QUINTANA, X. Ramón / VALCÁRCEL, Marcos. *Ramón Otero Pedrayo. Vida, obra e pensamento*. Vigo: Ir Indo, 1988.

SALINAS PORTUGAL, Francisco. A literatura galega e os contornos da identidade. En SALINAS PORTUGAL, Francisco / TAVARES MALEVAL, Mª Amparo (eds.). *Estudos Galego-Brasileiros 2*. A Coruña: Universidade da Coruña, 2006, p. 349-364.

SANMARTIN REI, Goretti. *Lendo nas marxes. Lingua e compromiso nos paratextos (1963-1936)*. A Coruña: Espiral Maior, 2002.

SOMMER, Doris. *Foundational Fictions: The National Romances of Latin America*. Berkeley: University of California Press, 1991.

TATO FONTAÍÑA, Laura. A recuperación de Luís Manteiga na configuración da narrativa galega. En Manteiga, Luis. *Intres. 1934-1935*. Sada: Edicións do Castro, 2005, p. 9-58.

THIESSE, Anne M.. *La création des identités nationales. Europe XVIIIe-XXe siècle*. Paris: Seuil, 2001.

VILLARES, Ramón. *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* .Vigo: Galaxia, 2007.

NOTAS

[1] Ao mesmo tempo, o seu contributo é de grande valor no relativo á configuración do modelo de lingua literaria pois, segundo G. Sanmartín, esta etapa "tamén se define como aquela en que se deu o primeiro intento serio para ofreceren os escritores un modelo culto para o galego, sen o cal hoxe non estariamos a escribilo tal e como facemos" (SANMARTÍN REI, 2002, p. 184-185).

[2] Este aspecto aparece amplamente desenvolvido en SALINAS PORTUGAL, 2006, p. 355-358.

[3] Para un estudo en detalle dos ideoloxemas nacionalitarios na obra narrativa de Otero Pedrayo, véxase FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, 2003, p. 125-225.

[4] En relación con isto, véxase o capítulo "Os referentes de analoxía" (BERAMENDI, 2007, p. 586-589).

[5] O relato da viaxe aparece na historia intercalada "O coto de Ushna". Este procedemento, o de introducir unha historia dentro da principal, resúltalle caro a Otero. Practícao, fundamentalmente, através de dous recursos formais; nuns casos, mediante o artificio do manuscrito achado (como neste exemplo ou nas memorias do fidalgo de Dubra en *La vocación de Adrián Silva*), noutros, mediante a inclusión dunha novela dentro da diéxese (a noveliña "Nosa Señora das Lavercas" de Adrián Solovio en *Arredor de si* ou "Os amantes de Santiago" de Miss Agnes Woolf e "As Palmas de Herbón", esquema-resumo do libro de Pauliños Fontenla, presentadas as dúas en *Devalar*).

[6] X.R. Quintana e M. Valcárcel consideran que Otero, como nacionalista, establece a Irlanda como *referente de analoxía*. Este aspecto sérvelles para insistiren na súa tese da centralidade do catolicismo na configuración do pensamento global de Otero: "o referente de afinidade nacional para Otero é Irlanda (...) en tanto que nación céltica e, sobre todo, polo carácter relixioso e "non mecanicista" da súa loita pola soberanía nacional" (QUINTANA / VALCÁRCEL, 1988, p. 102).

[7] Unha aproximación ao concepto de europeísmo para o movemento galeguista pódese achar en VILLARES, 2007, p. 172-175.

[8] Esta sublevación militar, de carácter liberal e protogaleguista, é narrada de xeito profundamente emotivo no capítulo "O scherzo da Heróica", incluído en "A Maorazga", segunda parte d'*Os camiños da vida* (OTERO, 1985, p. 203-221).

[9] Esta máxima aparece incluída no "Programa de acción pra os Grupos Caleguistas" aprobado na II Asambreia - 1933".

[10] O propio autor, nunha entrevista realizada no último ano da súa vida, fala así desta obra: "Adrián Solovio, o protagonista do libro, son eu e somos todos os mozos que atopamos Galicia por aquelas datas: Castelao, Lousada, Risco, Cuevillas, cada quen coas súas diferencias. (...) ¡Cánto nos costóu descubrir a nosa Terra dando voltas pelo universo e os libros! De cando en vez voltaba cheo de preocupacións dilectantes á miña terra de Trasalba e ¿qué atopaba alí? Unha Galicia campesiña e asoballada, xentes iñorantes, esquencidas de todos no seu curruncho, namentras eu andaba detrás da verdade dos libros, e aquelo queimábame no peito cada vez máis" (FREIXANES, 1982, p. 22-23)